



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 18 DE NOVEMBRO DO 2022. MOCIÓN DE CENSURA.

Sesión 16/2022-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>MESA DE IDADE</u> D. José Luis García Pazos D^a Sara Arrojo Dueñas</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u> D. Óscar Benito Portela Fernández D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mourinho Neira D^a Ana Paola Mondaca González D. María Luísa Rúa Prieto D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. Sergio García López D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón de actos da Casa da Cultura Pintor Lloréns, sendo as 12.00 horas do día xoves 18 de novembro do 2022, baixo a presidencia de D. José Luis García Pazos (presidente da mesa de idade), asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

ÚNICO.- MOCIÓN DE CENSURA.

Intervén a secretaria da Corporación, quen indica os pasos que se han seguir para dar cumprimento ao establecido na lexislación sobre a tramitación da moción de censura, *Art. 197.1.d) e e) LOREG*, e comunica que son os integrantes da Mesa de idade quen han proceder a comprobar se se manteñen os requisitos.

No expediente de “moción de censura” figura:

- Escrito de moción de censura de data 04.11.2022, asinado polos concelleiros de PP, PSOE e AV.
- Dilixencia de secretaria de data 04.11.2022, acreditativa de que se cumprían os requisitos esixidos no art. 197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREG).
- Notificación da convocatoria do pleno do 07.11.2022.



- Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños.
- Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños.
- Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 por Diego Fernández López, como Secretario de Organización da Comisión Executiva Provincial da Coruña, achegando un certificado asinado por el manifestando a expulsión dos concelleiros do PSOE, e sendas resolucións da Comisión Executiva Federal que aporta nunha copia dixitalizada en cor.
- Informe de secretaría do 18.11.2022.
- Declaracións dos concelleiros asinantes da moción de censura presentadas o 18.11.2022, no rexistro do concello, na que manifestan que non lles remitiron ningún escrito de expulsión que resolvese un procedemento para a imposición de sancións contraditorio, conforme á Lei Orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos e aos estatutos.

A continuación, intervén o presidente da Mesa de idade e dá á palabra á secretaria da Corporación para dar lectura á moción presentada, mentres a mesa comproba os requisitos.

A secretaria dá lectura á moción, que literalmente sinala:

“Dª María Soraya Salorio Porral, Dª María José García Freire, D. José Luis Tellado Villares, D. José Luis García Pazos e D. Sergio García López, concelleiros do grupo municipal PP, Dª María Pardo Fafián e D. Ramiro Blanco Montero, concelleiros do grupo municipal PSOE e Dª María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, concelleiros do grupo municipal Alternativa dos Veciños

POÑEMOS DE MANIFESTO:

Que durante o mandato véñense producindo diversos feitos que poñen de manifesto a incapacidade do Alcalde e do seu grupo para exercer unha xestión a favor do Concello de Sada e da veciñanza, así como a súa incapacidade para negociar e consensuar co resto de grupos políticos as políticas que máis lle conveñen aos veciños, esquecendo que o seu grupo está en minoría. A modo de exemplo podemos recordar:

- *Reiterados incumprimentos por parte do Alcalde e do seu grupo do acordado polo pleno, como a realización do simulacro do estudo de tráfico para analizar o proxecto do Río Maior, ou a Modificación Puntual do PXOM, ou a modificación da RPT en relación ao posto de TAX de urbanismo. A pesar dos múltiples recordatorios que os concelleiros lle temos formulado dentro e fóra das sesións plenarias.*
- *Parálise por parte do Alcalde e o seu grupo de expedientes importantes para o Concello e que, de levarse a cabo, poderían optimizar os recursos económicos e humanos cos que contamos, tal como ocorre con licitacións diversas (asesoría xurídica, redacción de proxectos, ...) A non contratación dunha persoa que poida atender as chamadas telefónicas da cidadanía pois, desde maio de 2021, a persoa que se encargaba de tal función non está e ninguén definitivo asumiu a mesma, algo prometido no pleno no que se votaban os orzamentos do ano 2022.*
- *Entorpecemento por parte do Alcalde e o seu grupo para o desenvolvemento do pobo e a mellora dos equipamentos, así paralizou a posibilidade de obter os terreos da zona do porto para promover a ampliación do CEIP Sada y Sus Contornos; unha vez máis o Alcalde, ao marxe da consulta aos técnicos municipais, seguiu a ruta marcada polos seus asesores externos e preferiu bloquear a ampliación coa escusa de que era preciso ter a aprobación do Plan Especial do Porto.*
- *Falta de control e esixencia por parte do Alcalde e o seu grupo coas empresas contratistas que non executan o contratado, a pesar de que se lle insta por parte do resto dos grupos políticos a que esixa o cumprimento dos contratos e se lle da traslado das deficiencias, por exemplo: Pista de Patinaxe ou Avda. Sada y Sus Contornos.*
- *Entorpecemento por parte do Alcalde e o seu grupo do exercicio do cargo de concelleiro, bloqueando o acceso á documentación ou facilitando parte da mesma con retraso, guiando a súa conducta á falta de transparencia.*

En definitiva, consideramos que este tipo de comportamento é insultante para os veciños e para o resto de grupos políticos que non lle secundamos a súa forma interesada de facer política de espaldas ao progreso de Sada, e que ademais unicamente pode levar a esquilmar os recursos públicos, por estes motivos e para desbloquear estes asuntos e porque nos converternos en representantes



públicos para facer mellorar o noso pobo, facemos uso dunha das opcións legais e democráticas existentes e PROPOÑEMOS unha MOCIÓN DE CENSURA contra o Alcalde Óscar Benito Portela Fernández, en base ao artigo 197 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral.

Consideramos que se dan os requisitos legais establecidos no dito artigo porque:

- A moción de censura a subscribimos 9 concelleiros, que conforman a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.
- Os concelleiros que a subscribimos propoñemos a María Nogareda Marzoa como alcaldesa do Concello de Sada, aceptando expresamente no presente escrito o desempeño do dito cargo.
- A moción preséntase ante a secretaria do Concello aos efectos de que autentifique as sinaturas dos concelleiros asinantes e comprobe que se reúnen os requisitos establecidos no artigo 197 citado.

Por todo isto,

SOLICITAMOS

Que se teña por presentado este escrito de proposición de MOCIÓN DE CENSURA contra O alcalde Óscar Benito Portela Fernández e se leven a cabo os trámites oportunos para levar a efecto a mesma, conforme ao sinalado na lexislación”.

A Mesa considera, co voto favorable de ambos membros, que se dan os requisitos para a tramitación da moción.

O presidente cede a palabra a María Nogareda Marzoa, quen logo de intentar falar ante os berros propiciados por parte do público asistente desiste da súa quenda de palabra.

Intervén Óscar Benito Portela Fernández.

A continuación, o presidente cede a palabra a Laura Rodríguez Pena.

O presidente cede a palabra a María Pardo Fafián, quen ante os berros propiciados por parte do público asistente reduce o tempo de intervención.

Deseguido o presidente cede a palabra a M^a Soraya Salorio Porral, quen logo de intentar falar ante os berros propiciados por parte do público asistente desiste da súa quenda de palabra.

Por último, intervén Xosé Fernando Fariña Andrade.

A continuación o presidente da mesa decide pasar á votación da moción de censura para que se proclame alcaldesa María Nogareda Marzoa, obténdose o seguinte resultado:

- A favor: 9 (María Soraya Salorio Porral, María José García Freire, José Luis Tellado Villares, Sergio García López, María Pardo Fafián, Ramiro Blanco Montero, María Nogareda Marzoa, Breogán Blanco González e José Luis García Pazos).
- En contra: 8 (Óscar Benito Portela Fernández, María Pilar Taibo Fernández, Xosé Fernando Fariña Andrade, Rebeca Mouriño Neira, Ana Paola Mondaca González, María Luísa Rúa Prieto, Laura Rodríguez Pena e Sara Arrojo Dueñas).

A continuación, obtendo 9 votos a favor, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o presidente da Mesa de idade proclama alcaldesa a María Nogareda Marzoa, quen toma posesión do cargo de alcaldesa acto seguido.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 12 horas e 57 minutos do día venres 18 de novembro do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.